

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CESIÓN DE PUBLICACIÓNS ELECTRÓNICAS PROPIAS DA USC E A SÚA INCORPORACIÓN Á PLATAFORMA DE PRÉSTAMO DE LIBRO ELECTRÓNICO, GALICIALE.

Santiago de Compostela, xaneiro de 2020

REÚNENSE

Dunha parte, a consellería de Cultura e Turismo (en adiante, a Consellería) e no seu nome e representación, D. Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura e Turismo, para o que foi nomeado polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro de 2018, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia; así como o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo

Doutra, a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, a USC) e no seu nome e representación D. Antonio López Díaz, na súa condición de Reitor Magnífico da USC, con CIF Q151.8001A, con sede no Pazo de San Xerome - Praza do Obradoiro, s/n, 15782-Santiago de Compostela, segundo o Decreto 57/2018, do 31 de maio, da Xunta de Galicia (DOG do 05/06/2018), con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (BOE do 24/12/2001), e no artigo 82 do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para conviren no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

MANIFESTAN

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de realizar actuacións de carácter sociocultural que fomenten a mellora dunha oferta adecuada ás novas demandas dos seus usuarios, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura e Turismo vén desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura e Turismo puxo en marcha, en colaboración coa Amtega e co Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, o pasado mes de outubro de 2014 a plataforma de préstamo de libro electrónico en liña para os usuarios e usuarias da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, GaliciaLe, que coordina a Secretaría Xeral de Cultura.

O seu obxectivo é incrementar as posibilidades de lectura poñendo a disposición da cidadanía galega unha importante colección de títulos en formato electrónico, en galego e en castelán, e de xeito gratuíto.

GaliciaLe achega a todos os cidadáns galegos unha importante colección de libros actuais publicados por editoriais galegas e do resto de España en formato electrónico para lectura en liña ou a súa descarga aos soportes dixitais.

O proxecto tamén pretende alcanzar outros importantes fins como:

- Facilitar a introdución dos novos formatos e soportes dixitais de edición nas bibliotecas públicas galegas e mellorar o acceso de toda a cidadanía á lectura neste formato
- Estender a lectura a novos sectores sociais que non son usuarios habituais dos servizos presenciais das bibliotecas públicas





- Mellorar a posibilidade de acceso de todos os cidadáns á información e á cultura
- Aumentar o volume, a actualización e a diversidade de contidos e de soportes das coleccións das bibliotecas públicas galegas
- Impulsar o consumo legal de contidos dixitais de calidade e actuais
- Dinamizar o comercio do libro electrónico en Galicia

É un servizo, innovador que ofrece a toda a cidadanía a posibilidade de tomar en préstamo de forma gratuíta, obras en formato dixital de temáticas diversas, a través das bibliotecas públicas galegas. O servizo é accesible para todos os usuarios das bibliotecas públicas galegas, 24 horas ao día, 7 días a semana e 365 días ao ano a través de Internet.

A USC tamén puxo en marcha a Plataforma PRELO, cuxo desenvolvemento corresponde á Biblioteca Universitaria e ao Servizo de Publicacións e Intercambio Científico compostelá.

Os dous servizos utilizan a plataforma tecnolóxica Xebook.

As dúas institucións teñen o convencemento mutuo de que o acceso á cultura da cidadanía galega mellorará compartindo os recursos e poñendo a disposición dos usuarios e usuarias das bibliotecas públicas de Galicia as publicacións electrónicas elaboradas e publicadas dentro do eido da Universidade de Santiago de Compostela. Isto só é posible coa súa incorporación a GaliciaLe desde Prelo.

Con este convenio asegúrase o acceso ás publicacións realizadas pola USC desde unha plataforma de acceso aberto e gratuíto para os usuarios das bibliotecas de Galicia e, ao mesmo tempo, incrementanse as posibilidades de lectura de obras literarias, de ensaio e de investigación a través de GaliciaLe.



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-OBXECTO E OBRIGAS DAS PARTES

É obxecto deste convenio a colaboración coa USC para a cesión dos títulos en formato electrónico (PDF), dos dereitos de explotación dos cales a USC é titular, e a súa incorporación á plataforma de préstamo de libro electrónico en liña, para os usuarios e usuarias das bibliotecas públicas de Galicia, GaliciaLe.

Condicións de cesión da USC:

1- A USC é propietaria dos dereitos de explotación e difusión pública sobre as obras ás que se refire este convenio e que se engaden no Anexo I. A USC asumirá calquera reclamación de terceiros en relación aos dereitos de propiedade intelectual derivados da presente cesión.

2.- A cesión do uso para cada título realízase por tempo ilimitado e para 10 licenzas de lectura simultánea, co obxecto de seren prestadas aos usuarios da plataforma pública en liña, GaliciaLe. Tal dispoñibilidade deberá coincidir coa establecida pola plataforma GaliciaLe.

3- A USC pon ao dispor da Consellería, ao día seguinte da sinatura deste convenio, os seus títulos en PDF, a través dun acceso entre plataformas, tal e como están na plataforma tecnolóxica Xebook, para a plataforma GaliciaLe.

A Consellería comprométese pola súa parte a:

1.- Á mellora da información dos rexistros bibliográficos que describen cada título, para que estean dispoñibles ao público en GaliciaLe, mellora que afecta á visualización dos rexistros desta plataforma.

2.- A poñelos a disposición, a través desta plataforma e en función dos seus propios criterios de selección, de todos os usuarios da Rede das Bibliotecas Públicas Galegas.

3.- A ofrecer os informes de uso e lectura, cando os demande a Universidade de Santiago de Compostela, a través do seu Servizo de Publicacións.

SEGUNDA.- OBRIGAS FINANCEIRAS

Esta colaboración non supón obrigas financeiras para a Consellería de Cultura e Turismo, pois non existe desembolso económico por ningunha das dúas partes.

TERCEIRA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada pola subdirectora xeral de bibliotecas da Consellería de Cultura e Turismo e polo director do servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.

CUARTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión.

QUINTA.- PUBLICIDADE

A partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a USC, acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

SEXTA.- RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza privada e pública entre as dúas administracións. A orde xurisdiccional civil e a contencioso-administrativa será a competente, segundo corresponda, para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

Seránlle de aplicación as seguintes normas:

- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual.
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

SÉTIMA.- VIXENCIA

O período de vixencia deste convenio empezará a contar dende a súa sinatura e estenderase por un período de catro anos. Antes do remate deste prazo as dúas partes asinantes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais, agás que unha das partes decida a súa resolución comunicándoo á outra parte con tres meses de antelación.

Durante o período de vixencia, íranse incorporando novos títulos, incluídos en relacións anexadas a través das correspondentes addendas a este convenio.

OITAVA.-NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que





este obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Cultura e Turismo

O Reitor da Universidade de Santiago de
Compostela

Román Rodríguez González

Antonio López Díaz

